


Azorín, Noriega Varela e a Coral De Ruada de Ourense

EMILIO RODRÍGUEZ PORTABALES





Recepción do Papa Francisco á Coral De Ruada co gallo do seu centenario (2019, Roma)

Este Caderno recolle a agradecida homenaxe que os coros galegos lle ofrecen a Azorín en 1930, polas súas reiteradas e agarimosas manifestacións de afecto á música galega, e a participación da CORAL DE RUADA de Ourense na mesma.

Noutro apartado déixase constancia da colaboración de Antón Noriega Valera aportando cantos tradicionais da comarca, que a citada coral buscaba para incorporar ás pezas do seu repertorio.

Como Epílogo incluímos unhas palabras que manifestan o fervente sentimento de Ramón Suárez Picallo cara á música tradicional e as corais de Galicia, pronunciadas no seu exilio na Arxentina en 1959.

Edita: Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo
comisionsuarezpicallo@gmail.com
[http:// www.blogoteca.com/acsuarezpicallo](http://www.blogoteca.com/acsuarezpicallo)

Maquetación e impresión:
LUGAMI Artes Gráficas (Betanzos)

Sada - Febreiro, 2020

D.L. C 814-2014

Tirada: 600 exemplares

Participación da Coral De Ruada na homenaxe dos Coros Galegos a “Azorín” en Vigo (1930)

A revista semanal “Estampa”¹ do 26 de novembro de 1929 (año 2; número 98) publica na súa sección “Preguntas de Estampa”¹ a resposta de varios persoeiros² da cultura e do mundo do espectáculo da época á pregunta “¿Le gusta a usted el cante «jondo»?”. Entre as respostas atópase a do escritor José Augusto Trinidad Martínez Ruiz “Azorín” (1873-1967):

26 Noviembre 1929

Estampa

*Revista Gráfica y Literaria de la Actualidad
Española y Mundial = Editada en Suc. de Rivadeneyra
Paseo de San Vicente 20 = = MADRID.*

30 ctms.

Director
Propietario:
Luis Montiel
6
Redactor jefe:
Vicente
Sánchez Ocaña
Año 2 = Núm. 98

Azorín acepta el «cante»

-¿El cante «jondo»? Yo no sé sus orígenes... Pero a mí lo que me gusta verdaderamente, por su profundo sentimiento religioso, es la música popular gallega. Sí, sí. La música popular gallega y catalana. Sobre todo la gallega.

-Pero el flamenco...

-¿El flamenco? Sí, me gusta, me gusta...

¹ “Estampa. Revista Gráfica y Literaria de la Actualidad Española y Mundial” foi unha revista que comezou a publicarse en Madrid o 3 de xaneiro de 1928. O seu propietario era Luis Montiel Balanzat –propietario tamén dos talleres tipográficos Sucesores de Rivadeneyra, onde se editaba– e o seu primeiro director Antonio González Linares. No número que nos ocupa figura como Director Propietario Luis Montiel e como Redactor-Xefe Vicente Sánchez Ocaña. Publicou o seu derradeiro número o 8 de xaneiro de 1938, en plena guerra civil.

² Ricardo Baroja, Ramón Gómez de la Serna, Lola Membrives, Celia Gámez, Ricardo Calvo...

Este sinxelo comentario non lle pasou desapercibido a Antón Vilar Ponte, que en “El Pueblo Gallego” de Vigo de 13 de decembro, reproducíoo, o que lle serve de pretexto para facer un comentario sobre o mesmo³:

Pretextos cotidianos

GLOSA DE UN JUICIO DE “AZORÍN”

...

El hecho [refírese ao comentario de “Azorín”] no tiene gran importancia. Sin embargo, merece un comentario. “Azorín”, levantino, que supo ahondar como pocos en el alma de Castilla, siempre ha mostrado verdadera simpatía por las cosas de Galicia. Recordemos sus elogios de Murguía, de Rosalía, de Pastor Díaz, del P. Feijóo, al que señalara una vez como precursor del periodismo en España. Recordemos su gestión cerca de Fitz Maurice Kelly para que éste incluyese en su Historia de la Literatura Española a la inmortal autora de “Follas Novas”. Recordemos sus campañas en pro del mejoramiento de las líneas de comunicación de nuestra tierra con el centro. Y no olvidemos que si fue diputado cunero por algunos distritos de Galicia⁴, ha merecido serlo, ciertamente, si se le compara con otros análogos a aquel andaluz puesto en solfa por Fernández Flórez, que representando a Lugo en Cortes, en una visita que hizo a la ciudad del Sacramento mostró su júbilo ante la estatua del maestro Montes a quien tomó por su paisano el torero del mismo apellido”.

Preguntas de Estampa

¿Le gusta a usted el cante “jondo”?



Azorín acepta el cante.

—¿El cante jondo? Yo no sé sus orígenes... Pero a mí lo que me gusta verdaderamente, por su profundo sentido religioso, es la música popular gallega. Si, si. La música popular gallega y catalana. Sobre todo la gallega.

—Pero el flamenco...

—¿El flamenco? Sí, me gusta, me gusta...

—(Foto Vidal)

³ O artigo está escrito en castelán e sen asinar, pero, como se verá máis adiante, é da autoría de Antón Vilar Ponte.

⁴ En 1914 fora Deputado en Cortes polo distrito de Pontearreas (Pontevedra).

destes persoeiros é “Azorín”, que, na parte inferior da primeira columna da portada, contesta:

En 1930 quisiera ir a Galicia. Me compraría una capa de paja; no sé si las habrá todavía; si no, la mandarí a hacer. Con mi capa de paja no me calaría la llovizna. Pasearía solitario por el campo. Y cuando oyera cantar en algún caserío, cantar esas canciones populares, dulcísimas, inefables, yo estaría escuchándolas debajo de un árbol. Y pensarí a que todos los jipíos del mundo, aún los más hondos y lacrimosos, no valen lo que unos compases de esa música gallega, maravilla de sentimiento, condensación de la más profunda religiosidad humana, añoranza suprema de lo infinito.

AZORÍN



Azorín (retrato de Gamoral).

E a Antón Vilar Ponte tampouco non lle pasou inadvertida esta nova resposta de “Azorín”, de xeito que en “El Pueblo Gallego” do 9 de xaneiro de 1930 –esta vez en galego e asiñando a columna– escribe:

Exemplos

AZORÍN E A NOSA MÚSICA

Glosei fai pouco aínda o que dixo “Azorín” n’ unha revista madrileña falando da música gallega que el prefire a tódalas da Herpañá [Hespañá], incruindo a andaluza. Hoxe quero voltar sobre o mesmo tema, copiando

o que o autor de “Voluntad” manifestou no número extraordinario de “La Voz de Galicia” do primeiro de aninovo.

E, efectivamente, copia o texto de “La Voz de Galicia” reproducido unhas liñas máis atrás, para engadir, deseguido:

CON LETRA DEL SIETE

“Azorín” y la música gallega

...


Esto coida e pensa “Azorín” que ve na nosa múseca a verdadeira esprección da saudade. E agora pregunto eu: ¿Hai alguén que mereza millor

que o requintado literato levantino que se lle nome [nomée] presidente honorario de tódol-os coros enxebres da nosa terra? “Cántigas”, da Coruña; “De Ruada”, d’Ourense; “Toxos e Froles”, do Ferrol; “Agrupación Artística”, de Vigo... respondede a esta pregunta.

“Azorín” tan amigo da nosa música, quere-ría vir á Galicia no 1930 para ouvila. Pois invitádeo, para que cumpra o seu gosto no vrán prósimo. Facede entón unha selecta festa dos coros, e n’ela entregádelle o nomeamento de presidente honorario dos mesmos. Podería ser unha festa solene, unha festa prestixiada, na que a súa donda palabra diciríanos cousas xurdias no respectivo ó noso lirismo folk-lórico.

Poucos escritores alleos a Galicia merecen millor un homenaxe dos galegos que “Azorín”. “Azorín” loubou a Rosalía e a Murguía, a Pastor Díaz, a Said Armesto, ó Padre Feijóo... “Azorín” ergue sobre tódal-as músecas populares da Hespaña a nosa música, que moitos galegos inda colonizados espiritualmente, e pol-o mesmo fallos de concencia galeguista, coidan música “ordinaria” e probe...

Emporiso, eiquí onde se fixo presidentes honorarios de tantas entidades e fillos adoptivos de tantos pobos a multitude de labercos caciques, ¿non val a pena renderlle un homenaxe que deben iniál-os [inicia-los] coros enxebres ó admirabel “Azorín”? Amor con amor se paga. Pol-omenos a miña concencia de galego vixiante ceiba este berro. Agora, que os que teñen que falar falen se queren.



A. Vilar Ponte

A. VILAR PONTE

“La Voz de Galicia”, o día seguinte, faise eco destas palabras de Vilar Ponte e súmase á petición aos coros galegos —engadindo, aos xa mencionados no artigo de Antón Vilar, a “Cantigas e Agarimos”, de Santiago de Compostela e a “*todos los coros organizados y vivos en Galicia*”— dunha merecida homenaxe ao insigne escritor alacantino que o xornal coruñés quere situar en A Coruña.

... No faltaría, en todo caso, alguna prestigiosa institución que en La Coruña se brindase a dar forma y unidad al programa de la fiesta, se de ello hubieran [refírese aos coros] menester.

Pero a iniciativa, que partiu de “El Pueblo Gallego”, parece que se decanta pola cidade olívica para a súa celebración. Así, o día seguinte, 11 de xaneiro, o xornal vigués, na súa terceira páxina, publica:

La “Agrupación Artística” y Azorín

Firmadas por el presidente y el secretario de la citada sociedad coral hemos recibido unas cuartillas donde dicha agrupación se adhiere fervorosamente al homenaje a “Azorín” que desde estas columnas ha pedido nuestro querido compañero Villar Ponte.

La “Agrupación Artística” de Vigo dice que siendo imposible nombrar presidente honorario de los coros gallegos al autor de “Old Spain” por detentar dicho título el señor Feijóo⁶, propone se le nombre socio de honor y se celebre un acto de afirmación folklórica en el que intervenga el escritor levantino.

E, en efecto, a “Agrupación Artística” toma a iniciativa e nas semanas seguintes comeza a organizar a citada homenaxe. Deste xeito, a finais de maio, “De Ruada” recibe unha carta do grupo vigués solicitando a súa participación na mesma.

⁶ O boticario, musicólogo e gaitero Perfecto Feijóo Poncet creou en Pontevedra, en 1883, o primeiro Coro Galego: “Aires da Terra”. Con este grupo obtivo grandes éxitos tanto en Galicia como en Madrid e en Arxentina ata que desapareceu no ano 1915. Perfecto Feijóo é, polo tanto, o fundador dos Coros Galegos. O 31 de agosto de 1919 os Coros Galegos (“Toxos e Froles”, de Ferrol; “Cántigas e Aturuxos”, de Lugo; “Agrupación Artística”, de Vigo; “Cántigas da Terra”, da Coruña; “De Ruada”, de Ourense; “Foliadas e Cántigas”, de Pontevedra e “Agarimos da Terra”, de Mondariz), aos que se uniu a Banda Municipal de Pontevedra, brindáronlle a Perfecto Feijóo unha grande homenaxe en agradecemento ao seu labor, sendo agasallado cun pergameo en que o nomearon Presidente de Honra. Semanas máis tarde, recibíuse en “De Ruada” unha tarxeta manuscrita de agradecemento asinada polo propio Perfecto Feijóo.

O 31 de agosto de 2019, cen anos despois, os Coros sobreviventes (“Toxos e Froles”, de Ferrol; “Cántigas da Terra”, de A Coruña e “De Ruada”, de Ourense), todos eles centenarios, xunto con “Cántigas e Agarimos” de Santiago, que foi creado en 1921, reuníronse na emblemática praza da Ferrería de Pontevedra para lembrar a Perfecto Feijóo e ao Coro “Aires da Terra”, con motivo do centenario daquela homenaxe.

AGRUPACIÓN ARTÍSTICA
Plaza de la Princesa, 6
VIGO

24 de Mayo de 1930

Sr. Presidente del Coro "DE
RUADA" de
O r e n s e

Muy Sr. ntros y de nuestra dis-
tinción más distinguida:


Tenemos el honor de dirigirnos

a Vd. en nombre de nuestra Agrupación con el siguiente objeto.

Recientemente el notable escritor gallego Sr. Villar Ponte expuso desde las columnas de "El Pueblo Gallego" de esta ciudad, la idea de rendir un homenaje de adhesión hacia el incomparable escritor nacional D. José Martínez Ruiz "AZORÍN" en compensación de la deuda que ha contraído toda nuestra tierra hacia tan excelsa figura por la reiterada defensa que hace en la prensa nacional de nuestra música y costumbres a las que tanto distingue y alaba.

Recogida por nosotros esta idea aceptamos la tarea de llevarla a su realización, para lo cual pensamos celebrar en un parque de nuestra ciudad un grandioso festival gallego de afirmación folklorica y al que acudirán todos los Coros distinguidos de la Región, así como también el citado Sr. Villar Ponte y nuestro querido Presidente honorario Sr. Feijóo, en el que haremos entrega a "AZORÍN" del nombramiento de Socio Honorario de todos los citados Coros en su representación actual. En consecuencia pedimos de su bondad se sirva a la mayor brevedad que les sea factible el indicarnos si por parte de ese Coro que Vd. con tanto acierto dirige encuentra conforme su inclusión en este nombramiento.

Al mismo tiempo le rogamos se sirva remitirnos un detalle de la subvención que pedirían por su traslado a esta, teniendo en cuenta que este festival se celebrará en el próximo mes de Agosto en un domingo o día festivo por la tarde o noche, por lo que suponemos que los gastos siempre serán reducidos, máxime teniendo en cuenta que el objeto de este acto, que aun estando fuera del margen de nuestras disponibilidades económicas lo hacemos solamente pensando en nuestra querida y escarnecida GALICIA quien con la valiosa cooperación de Vds.



queremos una vez más ponerla en el alto pedestal que por sus propios merecimientos le corresponde.

Sin más en espera de su pronta respuesta, nos ofrecemos incondicionalmente a Vd. y quedamos suyos afmos. y ss. ss.

q.e.s.m.

POR LA AGRUPACIÓN ARTÍSTICA DE VIGO

EL PRESIDENTE

Manuel Alonso Formoso

EL SECRETARIO

Rafael Barreiro

Na parte inferior do reverso da carta hai unha anotación manuscrita –que se pode interpretar como borrador da contestación que “De Ruada” envía o día 26– co texto seguinte:

Contestar que conformes en el nombramiento de Socio Honorario y que “De Ruada” se adhiere de todo corazón al homenaje que se proyecta y en el que se honrará en tomar parte sin interesar cantidad alguna, más que los gastos que ocasionen su traslado y estancia en esa. Y si el resultado económico del festival fuese beneficioso esta agrupación pide se le de una gratificación que deja al criterio de Vds.

Hacerle constar que si el festival es en un día de fiesta o de semana, el coro tendría que percibir jornales de día y medio, a razón de diez pesetas diarias, para los coristas, cuando que, de celebrarse un domingo solo percibiría los de la mañana del regreso.

El 10 o el 17 de Agosto serían magníficos.

A resposta da “Agrupación Artística” non se fixo agardar:

AGRUPACIÓN ARTÍSTICA

Plaza de la Princesa, 6

VIGO

2 de Junio de 1930

Sr. Presidente de la Agrupación Coral Gallega “DE RUADA”

O r e n s e

Muy Sr. ntros y de nuestra distinción más distinguida:

Tenemos el gusto de acusar recibo a su muy atta. carta del 26 de Mayo ppdo. la que sinceramente agradecemos por haber acudido al llama-

miento que les hacíamos, lo que nos ha producido una gran alegría y en su consecuencia saben Vds. pueden disponer de esta Agrupación para cuanto les pueda ser necesario.

Ahora deseamos que a la mayor brevedad (a poder ser a vuelta de correo) con objeto de poder llevar a cabo todo lo necesario relacionado con este festival, por lo que nos es urgentísimo conocer estos datos que les preguntamos, se sirvan decirnos la subvención que debemos fijarles para esta cooperación, incluidos todos los gastos de Vds. es decir, gastos de viajes, sueldos y algún otro si este hubiera con objeto de conocer concretamente esta subvención.

Para que Vds. puedan fijárnosla con toda claridad y justeza hemos de participarles que el festival se celebrará el días 9 del próximo mes de Agosto a las 10 de la noche.

Como Vds. observarán este día es sábado, y por lo tanto para evitar todos los mas gastos posibles, podrían Vds. salir de esa después de comer con objeto de llegar a esta a una hora que les permita cenar tranquilamente y después acudir al lugar designado para celebrar el festival, el que oportunamente les indicaremos.

De la estancia de Vds. en esta, nos encargamos nosotros y con antelación ya le indicaremos el Hotel donde han de hospedarse y demás datos necesarios o que Vds. crean prudentes y les rogamos se sirvan indicarnos el número exacto de personas que han de trasladarse a esta ciudad.

Rogamos a Vds. con todo interés se sirvan obtener las mejores condiciones por parte de los propietarios de automóviles y demás gastos, para ver si esta grandiosa idea que surgió su realización en esta Agrupación, podemos con la ayuda de Vds. llevarla a su fin, puesto que hasta ahora han sido Vds. los que han dado con su desinteresado y honroso proceder mayor ayuda y mejores ánimos.

Sin más le ruego una vez más, se sirvan contestarnos con suma urgencia a la presente carta, y Vd. reciba en nombre de esta agrupación el testimonio de nuestra más distinguida consideración, y somos suyos afmos. y ss.

q.e.s.m.

Por la Agrupación Artística de Vigo

EL PRESIDENTE

Manuel Alonso Formoso

EL SECRETARIO

Rafael Barreiro



Algunos miembros de la Junta Directiva de la Agrupación Artística de Vigo:

- (1) Manuel A. Formoso,
- (2) Rafael Barreiro,
- (3) Sandallo Echevarría,
- (4) Rogelio Chantada,
- (5) Antonio Pousa,
- (6) Belarmino Villar,
- (7) Santiago Picón,
- (8) Enrique R. Bará.

Como no caso anterior, na parte inferior do reverso da carta figura unha anotación manuscrita –que, tamén neste caso, se pode interpretar como borrador da contestación de “De Ruada”– co texto seguinte:

Sr. Pres. Ag. Ar. de Vigo

Muy Sr. mío: Contesto la suya del 2 de Junio pasado.

Le doy detalle de los gastos que esta agrupación tendrá para su desplazamiento a esa.

| | |
|--|-------|
| Ferrocarril ida y regreso billete especial | 400 |
| Hotel un día a 10 pts. | 350 |
| Jornales del sábado por la tarde a 5 28 | 140 |
| Transporte equipajes | 30 |
| | ----- |
| Total | 920 |

Le agradeceré a Vd. nos mande decir forma de programa y donde se ha de efectuar el festival a fin de preparar el nuestro adecuado a el.

Si los gastos no ascendiesen a esta cantidad o pasasen de ella ya nos pondríamos de acuerdo para subsanar las diferencias que hubiese.

Del hotel ya nos encargamos nosotros por soler usar siempre el mismo que es de un orensano.

Non consta ningunha carta máis relacionada con este asunto no arquivo da Coral, polo que entendo que a “Agrupación Artística” de Vigo aceptou as condicións económicas do Coro “De Ruada”. Supoño, por outra banda, que a “Agrupación Artística” mantería cos coros “Toxos e Froles” de Ferrol e “Cantigas e Aturuxos” de Lugo unha correspondencia semellante na que recibirían –e aceptaron, a xulgar polo resultado– ofertas parecidas.

A prensa non dá noticia algunha durante todo este tempo e haberá que agardar ata o mes de xullo para poder coñecer algún detalle da organización. A primeira nova que puiden recoller publicouna “El Progreso” de Lugo o 9 de xullo. Na páxina 2, co título “Las fiestas de Vigo”, ofrece un resumo da programación que comeza o 31 de xullo cunha sesión de “tiro de pichón” no estadio de Balaídos e remata o 23 de agosto cunha velada de boxeo hispano-lusitana. Ademais informa de que:

El 9 [sábado], se celebrará un gran festival gallego en Las Cabañas⁷, en honor del ilustre escritor Azorín, al cual se le entregará el título de socio honorario de los coros gallegos.

O apartado musical das festas complétase con concertos da banda de música da Garda Republicana de Lisboa en Balaídos.

Xa, no mes de agosto, os distintos xornais do país irán publicando distintos detalles da homenaxe a “Azorín” en “Las Cabañas”. Concretamente, o “Faro de Vigo” do domingo, día 3, informa dos distintos grupos que confirmaron a participación na mesma.



Parque “Las Cabañas”

⁷ O parque “Las Cabañas” era un lugar de recreo, con pista para baile e outros actos, situado en Peniche, daquela nas aforas da cidade. En “Las Cabañas” tiveron lugar, ademais da homenaxe que nos ocupa, as verbenas da prensa e distintas homenaxes e festivais benéficos.

Vigo y sus grandes fiestas de Agosto

El festival gallego

En el grandioso festival gallego que se celebrará en “Las Cabañas” el próximo día 9, organizado por nuestra laureada Agrupación Artística, en honor del ilustre escritor Azorín, al que se le entregará el título de socio honorario de los Coros gallegos, tomarán parte, entre otros, el coro “Cantigas y [e] Aturuxos”, de Lugo; el “Toxos e Froles”, de Ferrol y el “De Ruada”, de Orense.

Tomará también parte la banda municipal.

Auguramos a la viguesa agrupación Artística, un éxito que sumar a los muchos logrados.

O xornal ourensán “La Región” faise eco por primeira vez desta homenaxe na súa edición do 5 de agosto, aproveitando a ocasión para informar das distintas actuacións programadas por “De Ruada” nas semanas seguintes:

La Agrupación Coral Gallega «De Ruada»

El próximo sábado, día 9, saldrá para Vigo esta notable agrupación orensana, a fin de tomar parte en el festival-homenaje que en honor del ilustre escritor «Azorín» se celebrará dicho día, por la noche, en el hermoso parque Las Cabañas.

También el 17 irá a Betanzos, en cuyo día se celebra la renombrada fiesta de los Caneiros.

Sabemos ha recibido «De Ruada» proposiciones para actuar el 13 del corriente en las fiestas de la Peregrina, en Pontevedra, y el 31 en Vilafranca del Bierzo.



Pergameo

O mesmo día, o correspondente en Ourense de “El Pueblo Gallego” dá conta dos preparativos que está a realizar o coro ourensán e o “Faro de Vigo” publica unha florida loa a “Azorín”, á “Agrupación Artística” e mesmo á cidade de Vigo por acoller tan relevante acontecemento, ao tempo que anima a asistir a tódolos vigueses.

O xoves, 7 de agosto, o “Faro de Vigo” anuncia os prezos das entradas para o festival-homenaxe: 1,50 pesetas a Entrada Xeral e 3,50 pesetas a Preferente (cadeiras). Ao mesmo tempo, o correspondente do xornal en Ourense informa que “De Ruada” viaxará a Vigo acompañada de admiradores e amigos.

Pola súa banda, “El Pueblo Gallego”, o mesmo día, ademais de dar conta dos prezos das entradas, informa sobre as características do pergameo que se ofrecerá a “Azorín”:

EL FESTIVAL GALLEGO EN LA CABAÑAS

...

En uno de los escaparates de la calle del Príncipe se exhibe desde ayer el pergamino (tríptico) que contiene el nombramiento de socio de honor de los repetidos Coros Feijóo⁸ de Galicia a favor de Azorín.

Se trata de una obra de verdadero mérito hecha por el conocido artista señor Padín⁹ y contenida en un marco de madera tallada, ejecutado por don Manuel Longa¹⁰.



R.E. Padín.

Ofrece tamén unha foto do coro “Toxos e Froles” e unha curiosa carta aberta dirixida a varios comerciantes ferroláns afincados en Vigo para organizar, o día seguinte á homenaxe a “Azorín”, un festival benéfico en Vigo para recadar fondos destinados ás familias dos náufragos de Bouzas¹¹.

⁸ Nos seus inicios, os Coros Galegos adoitaban denominarse Coros Feijóo en lembranza do seu Presidente de Honra, Perfecto Feijóo.

⁹ Roberto Eduardo Padín Rodríguez (Tui, 1886 – Vigo, 1979) foi pintor, debuxante e humorista. Fundou o xornal “El Miñor”, de Baiona, e colaborou con: “Vida Gallega”, “Faro de Vigo” e “El Pueblo Gallego”, de Vigo; “El Ideal Gallego”, de A Coruña; “La Integridad” e “La Semana”, de Tui e “La Región”, de Ourense.

¹⁰ Manuel Longa Campos (Vigo, 1907-1985) foi un destacado escultor e tallista, sendo tamén profesor da Escola de Artes e Oficios de Vigo.

¹¹ Refírese ao naufraxio por causa dun forte temporal, a primeiros de febreiro, dos barcos Montenegro 7, Montenegro 8, Las Agujas e Ángel Durán, con base en Bouzas, que andaban a faenar pola costa portuguesa, no que faleceron máis de corenta mariñeiros.

Ferrol al día
EL REAL CORO “TOXOS E FROLES” Y
LA COLONIA FERROLANA DE VIGO

Carta aberta

Sr. D. Hilario Torrado, D. Antonio Gallego y D. Daniel Calvo, del comercio de Vigo.

...

La ocasión, si ustedes toman un poco de interés, es propicia para que unidos todos los ferrolanos, preparen a su coro decano de Galicia, el medio de celebrar en esa, después de se actuación en el gran festival que organiza “La Artística”, en homenaje al gran “Azorín” un festival benéfico; y aún cuando se encuentre cerrada la suscripción para las familias de los naufragos de Bouzas y a pesar de que el coro, cooperó en la celebrada aquí con el mismo fin, pueden dedicar los ingresos a ellas...

Luis Amor Soto
De “Toxos e Froles”

Ímonos achegando ao gran día e os xornais vigueses rivalizan en informacións relacionadas co festival que se vai celebrar en “Las Cabañas”. “El Pueblo Gallego” publica, na súa edición do venres, día 8, unha nota sobre o acto que resume as súas características e tamén un anuncio publicitario do mesmo. Pola súa banda, o mesmo día, o “Faro de Vigo” tamén ofrece unha nota semellante, pero, ademais, nas súas páxinas gráficas, ofrece unha fotografía de “De Ruada” tomada no claustro de San Francisco de Ourense e un artigo, que, pola súa importancia para “De Ruada”¹² e pola súa beleza, reproduzo na súa totalidade.

¹² Este fermoso relato foi lido en multitude de ocasións durante os concertos da Coral “De Ruada”, sobre todo os ofrecidos dende a súa publicación ata finais dos anos sesenta. A última vez foi en Sevilla, durante a xira que efectuou “De Ruada” no ano 2000 por Sevilla, Alcalá de Guadaíra, e Huelva. Na actuación ofrecida no Lar Gallego da cidade hispalense, leuno a presidenta da institución, María Teresa Rodríguez, exruadista dos anos sesenta. Este mesmo relato figura na introdución do libro “Coral De Ruada” editado por Caixa Ourense con motivo do 75º aniversario da Coral. Descoñezo se os outros Coros Galegos Históricos utilizaron este texto nas súas actuacións.



**“Azorín” y la música gallega
(De la novela inédita “Pueblo”¹³)**

Cuando Dios acabó de crear a España, se detuvo un momento. Había creado el país más hermoso de Europa; había dado a este país los paisajes de dos continentes; la flora de Europa y la flora de África; las tonalidades de dos diferentes mundo [mundos]. Aquí estaban los panoramas románticos de Guipúzcoa y Vizcaya, con sus montes majestuosos, poblados de tupido bosque. Aquí la maravilla de las rías gallegas, espejos inmensos entre arboledas y florestas. Aquí las llanuras pródidas, con tan dilatados y claros horizontes de Campos y la Man-

¹³ Debe de tratarse dunha declaración de intencións, pero este relato non foi incluído en ningún dos libros que este autor publicou nesa época e tampouco nos anos posteriores: *Andando y pensando* (1929), *Blanco en azul* (1929), *Superrealismo* (1929), *Pueblo* (1930), *Trasuntos de España* (1938), *Pensando en España* (1940), *El Escritor* (1942), *Cavilar y contar* (1942), *Sintiendo a España* (1942), *Memorias* (1943), *Memorias inmemoriales* (1946)... Nin sequera aparece na selección de artigos publicados en *ABC*, *Destino*, *Ahora*, *Diario Información* e *El Español* que se poden consultar na Biblioteca Virtual Cervantes.

cha. Aquí las serranías de Ronda y de Gredos. Y el panorama, lleno de augusta majestad, del Escorial. Y los paisajes rosa y gris de Alicante y Mallorca. Y los naranjales de Castellón, Valencia, Murcia y Málaga. Y los palmerales de Elche. Y la Costa Brava de Cataluña. Y la tierra fina de Ávila, que en suaves ondulaciones se pierde en lo infinito. Y los eminentes riscos de Sierra Nevada. Aquí estaba, en resumen, todo lo mejor de Europa y todo lo más característico de África. Quería hacer a España un último regalo; quería expresar el alma de estos paisajes en notas musicales. Faltaba la música popular de España. Entonces llamó a la representación femenina de las provincias; acudieron al llamamiento del Señor las más bellas mujeres de nuestra Patria. Cada una de estas mujeres representaba una de las regiones españolas. Dios fue dando a cada una su expresión musical. A Cataluña, le dio sus sardanas, tan elegantes y retozonas; a Valencia, su chaquera vella; a Zaragoza, su marcial jota, toda ímpetu y entusiasmo; a los alicantinos, sus cantos de trilla, que son el ulular largo y ensoñador del almuédano; a los andaluces, los alicatados inacabables de su cante jondo; a Castilla y León, sus cantos de cuna, melodías dulcísimas con que los niños se duermen y se creen en el Paraíso; a los vascos, sus zortzicos. Todas las regiones españolas tuvieron su música popular. Cuando todo estaba repartido, vieron que llegaba afanosa y confusa una bellísima mujer; era Galicia; Galicia, hermosa entre las hermosas, buena y cordial entre las buenas y cordiales. Dios dijo a Galicia que había llegado tarde y que todo estaba ya dado. Al oír esto la bella mujer, se echó a llorar. Suplicaba; sollozaba; rezaba para que el Señor se enterneciese. Y Dios se enterneció. -Has llorado, has rezado y has suplicado –dijo el Señor a Galicia. Y quiero darte una música que sea todas estas cosas a la vez; que sea un llanto, un sollozo y un rezo.

Galicia, la de los ojos amorosos, sonrió entonces con gratitud. Y el Señor añadió:

-Y pondré también en tu música, por esta sonrisa de ahora, una sonrisa de infinita melancolía.

Galicia, conmovida, emocionada, cogió la fimbria del manto del Señor y la besó.

El Señor dijo:

-Y por este beso de tus labios, que siempre han dicho palabras de bondad, voy a poner también en esa música algo que es una cosa suprema; algo que va hacer que todos los corazones latan con emoción

cuando escuchen esas melodías. Voy a poner en tu música popular la sensación hondísima, indecible, que se experimenta en el momento de la emigración; en el instante en que, habiendo de dejar la tierra nativa para marchar muy lejos, se besa por última vez a la madre o a la amada.

Y así fue creada la música popular gallega, la más conmovedora de todas las músicas de España.

“Azorín”

